

RESOLUCIÓN do 14 de marzo de 2023 pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de persoal empregado investigador do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal.

Mediante a resolución reitoral do 07 de decembro de 2022 (DOG do 21 de decembro de 2022 e BOE do 06 de febreiro de 2023), convócanse probas selectivas para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de persoal empregado investigador do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas pola quenda de acceso libre.

Segundo. Indicar que a citada lista provisional está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web: <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-364>

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas, dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para poder emendar os defectos que motivaran a exclusión ou a omisión.

Cuarto. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón:

https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/RRHH_INV_EmendaEstabilExtr.htm

Quinto. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Sexto. Nomear as persoas que a continuación se relacionan membros titulares e suplentes do tribunal cualificador do proceso selectivo:

Tribunal titular

Presidenta:

- Laura Elena Sánchez Piñón, catedrática de universidade da USC.

Vogais:

- Carlos Diéguez González, catedrático de universidade da USC.
- Pablo Ramil Rego, profesor titular de universidade da USC.
- Alberto José Bugarín Diz, catedrático de universidade da USC.

Secretario:

- Maria Pilar Martínez García, persoal directivo profesional da USC, vicexerenta xeral técnica.

Tribunal suplente

Presidente:

- Paulino Martínez Portela, catedrático de universidade da USC.

Vogais:

- David Miranda Barros, profesor titular de universidade da USC.
- Dolores Cortina Gil, catedrática de universidade da USC.
- Carmen Isabel Álvarez Lorenzo, catedrática de universidade da USC.

Secretaria:

- Emilio Martínez Rivas, persoal directivo profesional da USC, director da área de promoción e estratexia científica.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2023

O Reitor

Antonio López Díaz

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
15/03/2023 13:53:22.

CSV: 9211-BAB7-47C1-B6D3